

19 DE MARZO
“Día do Pai Igualitario”

II CONCURSO DE DEBUXOS
“PAPÁ MANS Á OBRA”



ORGANIZA:

Concellería da Muller, Servizos Sociais e Sanidade do Concello de
Soutomaior
CIM de Soutomaior

COLABORAN:

Concello de Soutomaior
Cooperativa de Ensino Santiago Apóstol (A Montesiña)
C.E.I.P. Padín Truiteiro (Arcade)

BASES DO II CONCURSO DE DEBUXOS “PAPÁ MANS Á OBRA”

Este concurso enmárcase dentro das actuacións do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Soutomaior (2008-2011). En concreto dentro da área de intervención de Educación e Sensibilización, co obxectivo de promover a participación das familias e de outros axentes educativos na coeducación e o fomento da corresponsabilidade.

Co motivo da celebración do “Día do Pai” o 19 de marzo de 2011, e dentro da campaña da II Olimpíada de Pais pola Igualdade do Concello de Soutomaior, a Concellería de Muller, Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Soutomaior, convoca o II Concurso de Debuxos “Papá mans á obra”.

O Obxectivo deste concurso é o de promover a educación en igualdade entre os rapaces e rapazas e o de fomentar a sensibilización para romper son estereotipos sexistas, potenciando a creación dunha identidade de xénero flexible e integral que nos aporte, a todos, liberdade e autonomía.

Neste concurso os rapaces e rapazas plasmarán nun debuxo o día no que os pais ou cuidadores habituais se puxeron o delantal para facer as labores da casa, relacionado coa implicación masculina igualitaria nas tarefas domésticas, familiares e de coidado.

BASES:

1º.- TEMÁTICA: A temática do concurso é a IGUALDADE NO ÁMBITO DOMÉSTICO E FAMILIAR, entendida como a participación dos pais nas tarefas domésticas e no coidado e educación d@s fill@s.

2º.- PARTICIPANTES: Poderán participar neste concurso os rapaces e rapazas de 1º e 2º de Primaria dos dous centros educativos do Concello de Soutomaior: Centro Educativo Manuel Padín Truiteiro (Arcade) e Cooperativa de Ensino Santiago Apóstol (A Montesiña). Establecerase unha única categoría para os dous cursos.

3º.- CRITERIOS DE VALORACIÓN: Cada alumn@ presentará un único debuxo, que deberá ser inédito. Valorarase tanto a calidade pictórica, como a orixinalidade e o contido da mensaxe igualitaria que transmita. Os debuxos serán posteriormente plasmados en delantais que serán entregados, como agasallo pola súa participación, a cada un d@s alumn@s o día da entrega de premios.

18 de Marzo as 19:30 no Multiusos de Arcade.

4º.- TÉCNICA A EMPREGAR: No caso de que o debuxo teña texto, éste deberá estar escrito en galego. O tamaño dos debuxos será DINA4 (tamaño folio), o soporte e a técnico a utilizar son libres.

5º.- FORMA DE PRESENTACIÓN: Os debuxos entregaranse por aulas, en sobres pechados e numerados, xunta a una listaxe co nome e apelidos dos/das participantes.

- Nome e apelidos.
- Curso, aula e colexio ó que pertence.
- Teléfono de contacto.

6º.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN: Os carteis entregaranse nos propios colexios para ser posteriormente remitidos ó Centro de Información á Muller do Concello de Soutomaior:

r/ Peirao, 8 (Multiusos de Arcade)
Arcade C.P. 36690 Pontevedra
Teléfono e fax. 986.70.12.27
e-mail: cim@soutomaior.es

O prazo de presentación dos debuxos remata o 2 marzo de 2011 ás 14:00 horas.

7º.- CATEGORÍA E PREMIO: Establécese unha única categoría que incluíra a tod@s @s alumn@s. Os premios serán os seguintes:

- 1º PREMIO: lote de contos e xogos (valorados en 120 €) e un delantal serigrafiado co seu debuxo.
- 2º PREMIO: lote de contos e xogos (valorados en 80 €) e un delantal serigrafiado co seu debuxo.
- 3º PREMIO: lote de contos (valorados en 50 €) e un delantal serigrafiado co seu debuxo.

8º.- ENTREGA DE PREMIOS: Os premios entregaranse o venres 18 de marzo de 2011 no Centro Multiusos de Arcade ás 19:30 horas. Farase público nos medios de comunicación.

9º.- EXPOSICIÓN E PUBLICIDADE DAS OBRAS: Os debuxos estarán expostos no Multiusos de Arcade, quedando temporalmente a disposición do Concello de Soutomaior. Sendo devoltos posteriormente ós seus autores/as nun prazo de quince días posterior ó fin da exposición, se así o desexan.

10º.- XURADO. O xurado que resolverá o Concurso estará integrado por:

- Presidenta: Concelleira de Muller, Servizos Sociais e Sanidade.
- Secretaria: Directora do CIM.
- Vocais: 1 representante para cada un dos centros educativos (cada centro elixirá ao seu representante) e 2 representantes da Asociación de Artistas da Bisbarra.

O xurado reunirase o xoves 3 de marzo de 2011 as 17:00 horas, no Centro Multiusos de Arcade, e a súa decisión farase pública na páxina web do Concello de Soutomaior.

A decisión será inapelable. O concurso poderá declararse deserto no seu conxunto.

11º.- A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA ACEPTAR ÍNTEGRAMENTE ESTAS BASES.